

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2011.

En Bergondo, a 14 de novembro de 2011 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Sindicato Labrego Galego).
- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- Dna. Carmen Borobio Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de Turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

O Xerente do Programa informa aos asistentes que en ausencia do Presidente, actuará como Presidente, D. Cesar Longo Queijo, Vicepresidente da Asociación e Alcalde de Paderne.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1.1. Ampliación explotación agraria familiar, comercialización e desenvolvemento sostible para a produción de alimentos agrarios a pequena escala (L11-41100-29-0124)

Con data 03 de outubro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “L11-41100-29-0124 Ampliación explotación agraria familiar, comercialización e desenvolvemento sostible para a produción de alimentos agrarios a pequena escala”.

A promotora deste proxecto é unha muller, María Hermida Villamizar que conta cunha explotación agraria.

O proxecto consiste na ampliación das producións e instalacións existentes na actualidade, mediante a adquisición de bens de equipamento e instalación dos medios necesarios para a produción e comercialización directa de legumes, hortalizas, verduras, millo, plantas medicinais, aromáticas e culinarias, pequenos froitos, ecotipos hortícolas e animais locais. Os investimentos consisten no acondicionamento dun local para a recepción, manipulación e preparación de produtos para a comercialización en orixe; acondicionamento das fincas, instalación de dous invernadoiros e dunha bomba de auga para pozos; instalación e automatización do sistema de rego; acondicionamento dun local para rexistro sanitario; adquisición dunha furgoneta de transporte; unha carretilla sulfatadora e un tractor con apeiros.

Esta iniciativa crearía un emprego, e tería cabida na medida 411 do Réxime de Axudas, no apartado “Investimentos no sector agrario relacionadas co apoio a novas producións”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 153.872 € (130.400.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 69,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,42 % (48.795,68.-€) sobre un orzamento elixible de 130.400.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2. Ampliación destilería en Santa Cruz de Mondoí (L11-41300-29-0126)

Con data 11 de outubro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “L11-41300-29-0126 Ampliación destilería en Santa Cruz de Mondoí”.

O proxecto consiste na ampliación dunha destilería en Santa Cruz de Mondoí propiedade dunha sociedade civil “María Moar López y Otro S.C.

A destilería conta cunha caldeira de vapor que non é sostible, xa que para o seu funcionamento consume moita enerxía.

A entidade promotora quere ampliar a produción e ao mesmo tempo quere incrementar a rendibilidade coa colocación dunha nova caldeira máis innovadora e de menor consumo.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida” do Réxime de Axudas. Apartado “ Ampliación de PEMES”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 20.000 € (16.949,15.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 55 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 30 % (axuda máxima: 5.084,75.-€) sobre un orzamento elixible de 16.949,15.-€

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3. Modernización empresa madeireira en Oza dos Ríos (L11-41300-29-0128)

Con data 17 de outubro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “L11-41300-29-0128 Modernización empresa madeireira en Oza dos Ríos”.

A entidade promotora deste proxecto é a sociedade limitada “Hermanos García Rocha S.L.”

O proxecto consiste na adaptación dunha superficie da nave do proceso de serradoiro, adicada na actualidade ao almacenamento do serrín xerado ao final da cadea do proceso de produción. Esta nova adaptación da superficie contribuirá a mellorar o rendemento do sistema de aspiración, ademais de adicarse esta nova zona á produción de mangos de madeira (un novo produto).

Este proxecto ten cabida na medida “413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”do apartado II Modernización de PEMES.

Os investimentos consisten na obra civil de adaptación da nave.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 64.466,33 € (54.632,48.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 65 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 35 % (axuda:19.121,37.-€) sobre un orzamento elixible de 54.632,48.-€

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.4. Ampliación explotación agraria en Cesuras (L11-41100-29-0130)

Con data 19 de outubro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “L11-41100-29-0130 Ampliación explotación agraria en Cesuras”.

A promotora deste proxecto é María José Lires Blanco que conta cunha explotación agraria.

O proxecto consiste na ampliación da explotación agraria coa introdución de variedades tradicionais e novas producións: plantación de maceiras para sidra, maceiras de mesa, abelás, galiña piñeira e produtos de horta nunha extensión de 1,6 Ha.

Os investimentos consisten na instalación dun invernadoiro e sistema de rego, na adquisición dunha furgoneta, un motocultor, ferramentas e sulfatadora e na adquisición e plantación dos árbores e plantas obxecto do proxecto.

Esta iniciativa crearía un emprego e tería cabida na medida 411 do Réxime de Axudas, no apartado “Investimentos no sector agrario relacionadas co apoio a novas producións”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 33.000 € (27.966,10.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 87 puntos o daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45 % (12.584,75.-€) sobre un orzamento elixible de 27.966,10.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

A CONTINUACIÓN, se informa aos asistentes de dous expedientes máis que non estaban previstos na orde do día inicial:

2.1.5. Ampliación empresa de servizos forestais en Tabeaio (Carral) (L11-41300-29-0120)

Con data 28 de setembro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “L11-41300-29-0120 Ampliación empresa de servizos forestais en Tabeaio (Carral)”.

O proxecto consiste na ampliación dunha empresa con domicilio social en Tabeaio (Carral) propiedade de José Felipe Patiño Muiño. Esta empresa adícase á tala da madeira con motoserras. O proxecto consiste na adquisición dunha máquina procesadora que contribuiría a incrementar as actuacións e a rendibilidade da empresa, xa que reduce o tempo de tala, ademais de mellorar as condicións de seguridade dos empregados. Na actualidade non conta con esta máquina.

Esta iniciativa tería cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado “Ampliación de PEMES”. Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 147.500 € (125.000.-€ sen IVE).

Non crearía emprego, consolidando os empregos actuais.

O proxecto acadaría unha puntuación de 47 puntos o daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 26 % (32.500.-€) sobre un orzamento elixible de 125.000.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.6. Dinamización empresarial e social do sector agrario familiar na produción, comercialización e desenvolvemento sostible de alimentos agrarios a pequena escala (Vixoi-Bergondo) (L11-41300-29-0134)

Con data 26 de outubro de 2011 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “L11-41300-29-0134 Dinamización empresarial e social do sector agrario familiar na produción, comercialización e desenvolvemento sostible de alimentos agrarios a pequena escala (Vixoi-Bergondo)”.

A promotora deste proxecto é unha muller, María Hermida Villamizar que conta cunha explotación agraria.

O proxecto consiste na implementación dun proxecto específico de carácter non produtivo cun plan de xestión que incida na dinamización e diversificación económica do medio rural, na mellora da calidade de vida e do medio ambiente e na modernización das explotacións agrarias a pequena escala.

Con este proxecto se pretende fortalecer a estrutura produtiva e organizativa das explotacións agrícolas tradicionais; crear mecanismos efectivos e prácticos de comunicación e difusión sobre a diversidade e as boas prácticas asociadas á actividade agraria.; deseñar, desenvolver e implementar casos concretos de xestión sostible dos recursos agrarios no territorio Mariñas-Betanzos.

Os investimentos deste proxecto consisten: Actividades de dinamización social e comercial de produtores artesanais do territorio Mariñas-Betanzos; edición e difusión de materiais sobre a diversidade e a agricultura sostible; implementación efectiva dunha metodoloxía participativa e modelo de imaxe de agricultura sostible no territorio Mariñas-Betanzos.

Esta iniciativa tería cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado “Servizos para a economía e a poboación rural”. Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 31.016 € (29.900.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 35 puntos o daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 35,83 % (10.713,17.-€) sobre un orzamento elixible de 29.900.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.2. INFORME PROXECTOS CERTIFICADOS NO PROGRAMA LEADER NO ANO 2011.

Con data 30 de setembro de 2011 tense presentado en Agader todos os proxectos do Programa Leader que tiñan asignado fondos de axuda do Programa Leader na anualidade 2011 e que se detallan a continuación:

- Expediente nº 24 Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira
- Expediente nº 50 Recuperación granxa para producir leite biosaludable utilizando técnicas eficientes sostibles.

Proxecto finalizado.

- Expediente nº 2 Papelería e servizos de fotocopiadora en Oza dos Ríos. **Proxecto finalizado.**
- Expediente nº 4 Creación empresa integral, turismo e servizos de ocio.
- Expediente nº 14 Ampliación para a mellora da xestión dun almacén de pinturas.
- Expediente nº 13 Zona recreativa e de ocio natural en Martinete (Betanzos).
- Expediente nº 17 Nova Escola Infantil na Lagoa.
- Expediente nº 29 Proxecto integral sostible e divulgativo do sector lácteo.
- Expediente nº 18 Modernización empresa de servizos no sector forestal. **Proxecto finalizado.**
- Expediente nº 33 Modernización cámping Aguiar.
- Expediente nº34 Modernización fábrica de madeiras.
- Expediente nº 42 Creación estudo fotográfico en Coirós. **Proxecto finalizado.**
- Expediente nº 48 Implantación plataforma de comunicación en distribuidora de alimentación.
- Expediente nº 46 Ampliación de campo de golf en Larín (Arteixo)
- Expediente nº54 Ampliación empresa adicada ao comercio ao por maior.
- Expediente nº 64 Ampliación empresa forestal en Aspra – Tabeaio (Carral). **Proxecto finalizado.**
- Expediente nº 70 Modernización carpintería de madeira en Ans (Carral). **Proxecto finalizado.**
- Expediente nº 82 Ampliación empresa protésico dental en Carral. **Proxecto finalizado**
- Expediente nº 9 Ampliación refuxio de animais.
- Expediente nº 16 Aula de informática no centro cultural de Cambás. **Proxecto finalizado.**
- Expediente nº 39 Ampliación centro de día con zona de intervención multisectorial e zona interactiva en Culleredo. **Proxecto finalizado.**

Fondos existentes na anualidade 2011 e que tiñan que executarse nesta anualidade:

1.-Medida 411: 158.459,35.-€

2.-Medida 413: 561.367,99.-€

Total axudas no ano 2011: 719.827,34.-€.

Practicamente a totalidade dos proxectos xustificaron os investimentos que tiñan asignados para o cobro da axuda da anualidade 2011, coa excepción do expediente nº 24 “Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira” e o expediente nº 13 “Zona recreativa e de ocio natural en Martinete (Betanzos)”.

As entidades promotoras destes expedientes xustificaron menos investimentos dos que tiñan asignados, polo que non cumpriron coas directrices de Agader. Esta non xustificación dos fondos supón a perda de 24.684,76.-€ do expediente nº 24 “Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Pineira” e 25.929,57 do expediente nº 13 “Zona recreativa e de ocio natural en Martinete (Betanzos)”. A totalidade dos fondos perdidos ascenden a 50.614,33.-€ da anualidade 2011.

Acórdase enviar cartas a todos os promotores dos expedientes activados, informando sobre a súa situación actual, e pedindo que avisen se non teñen previsto executar na totalidade, co obxecto de proceder a liberar os fondos da axuda xustificada.

3. PROXECTOS DE COOPERACIÓN DO MINISTERIO: RESUMEN EJECUCIÓN 2011.

Tal como se recollía na Acta do día 12 de setembro, actualmente Mariñas – Betanzos está a participar en cinco proxectos de cooperación, un da anualidade do ano 2010 e catro da de 2011 (información completa dispoñible no blog do Grupo (www.marinabetanzos.com):

Os Grupos coordinadores dos proxectos de cooperación nos que participa Mariñas – Betanzos tiveron ata o 15 de novembro para presentar a documentación xustificativa da anualidade 2011 de todos os Grupos. A este respecto indicar algunha das actividades que se teñen levado a cabo en cada un dos proxectos de cooperación:

3.1. NUEVOS HORIZONTES (2010-2013) (blog: <http://proyectonuevoshorizontes.blogspot.com>)

- Posta en marcha de 11 Parcelas demostrativas no territorio Mariñas – Betanzos, con variedades locais:

- Fernando Peio (Santa Marta de Babio – Bergondo)
- Daniel Sanmartín (Cabanas – Abegondo)
- Antón Sánchez (Lubre – Bergondo)
- Luis Amboage (Santa María de Vigo – Cambre)
- Victor Sánchez (A Regueira – Oza dos Ríos)
- Pablo López (As Angustias – Betanzos)
- María José López (Lubre – Bergondo)
- Julio Ríos (Bribes – Cambre)
- Antonio Fafián (Lubre – Bergondo)
- Miguel Franco (Paderne)
- Xoán Antón Vázquez (Miño)

- Xornada sobre Variedades locais e gastronomía:

Celebrouse o pasado **12 de setembro** na Aula de Cociña de Porto Muiños en Cambre. No transcurso desta xornada degustáronse os produtos obtidos nas parcelas demostrativas postas en marcha no marco do proxecto de cooperación “Novos Horizontes” durante este ano 2011, así como outros produtos agroalimentarios e do mar do territorio.

3.2. CALIDADE AGROALIMENTARIA (2011-2014)

Proxecto no que participan 35 Grupos do Estado, e que neste ano aínda está en fase de lanzamento (informar ás empresas).

A Xunta Directiva acorda autorizar á Presidencia para a execución deste proxecto e formalizar a sinatura do convenio.

3.3. INICIATIVAS RURAIS DE EMPREGO (2011)

Proxecto a unha anualidade, onde se teñen identificado as oportunidades de emprego no sector agrario. Formará parte do Plan Alimentario Mariñas – Betanzos (2011-2014).

3.4. RED ASTURGALLEGA DE INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS (2011-2014)

- Sinaturas de acordos de colaboración con entidades agroalimentarias do territorio interesadas en participar no proxecto:

1. Agreco Galicia, S.L. (Bergondo)
2. Artesanos Queseros de Galicia (Aranga)
3. Bodegas Rilo (Bergondo)
4. Casa Beade, S.L. (Paderne)
5. Daldea Pousadoira (Miño)
6. Vinos Codeseira (Betanzos)
7. Datterra do País, S.L. (Miño)
8. Transformaciones Agrícolas de Vilartó, S.L. (Cambre)
9. Pastelería Goas (Oleiros)
10. Josefa Sánchez (Queixera de Abegondo)
11. Antonia Suárez (Queixera de Abegondo)
12. Queixos Cagiao (Paderne)
13. Lácteos Bretón (Irixoa)
14. Quesos Ledo Presas (Aranga)
15. Porto-muiños (Cambre)
16. Cooperativa Frugal (Culleredo)
17. Cooperativa Agraria Provincial da Coruña (Arteixo)
18. Luísa Pérez (Productora de Stevia)
19. Lúpulo Gallego, S.L. (Bergondo)
20. Frutas Geixade, S.C. (Abegondo)
21. Panadería da Cunha (Carral)

22. Panadería Moncho (Carral)
23. Casa Torreiro, S.L. (Abegondo)
24. Fariñas das Mariñas, S.L. (Carral)
25. Asociación Agroalimentaria do Eume (Vilarmaior)
26. Bodegas Viña Artabra, S.C. (Betanzos)

- Estase preparando a publicación dun inventario de produtos e industrias agroalimentarias de “Mariñas – Betanzos” (horta, queixo, pan, etc.)

A Xunta Directiva acorda autorizar á Presidencia para a execución deste proxecto e formalizar a sinatura do convenio.

3.5. TERRITORIOS RURALES COMPROMETIDOS EN LA LUCHA CONTRA EL CAMBIO CLIMÁTICO (2011-2013)

- Xornada Aforro e eficiencia enerxética no medio rural.

Celebrouse o día 11 de novembro no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), sendo o obxectivo desta xornada achegar ás administracións locais e ao sector agrario e forestal experiencias demostrativas de aforro e eficiencia enerxética como unha oportunidade de desenvolvemento sostible e unha contribución á loita fronte ao cambio climático.

Tamén nesta xornada presentouse o proxecto de Cooperación “Territorios rurales comprometidos en la lucha contra el cambio climático”.

A Xunta Directiva acorda autorizar á Presidencia para a execución deste proxecto e formalizar a sinatura do convenio.

4. CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS, DENTRO E A MAIORES DO PROGRAMA FORMATIVO PARA ALUMNOS DO PLAN AFD.

No mes de outubro foron asinados co Concello de Abegondo dous convenios de colaboración para a realización de prácticas non laborais, dentro e a maiores do programa formativo para alumnos do Plan AFD:

- 2 persoas do curso “Creación e xestión de viaxes combinados e eventos”, impartido polo Concello de Abegondo, que realizarán as prácticas dende o 8 de novembro ata o 9 de decembro de 2011:

* Bárbara López Pandelo.

* Mónica Naveira Sánchez.

- 2 persoas do curso “Deseñador web e multimedia”, impartido polo Concello de Abegondo, que realizarán as prácticas dende o 28 de novembro ata o 12 de decembro de 2011:

* Francisco Ferreira Marante

* Rubén Franco Vidal

5. INFORME SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN PRÁCTICA EN GALICIA DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS EN MATERIA DE EMPREGO (2011-2012)

O día 24 de maio de 2011 ten saído publicado no DOG a “Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2011 e 2012 de programas integrados para o emprego”.

As subvencións reguladas na presente orde terán por obxecto o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

Nestes programas estableceranse obxectivos cuantitativos previstos de inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego participantes neles.

O 14 de xuño de 2011 tense presentado solicitude para o Programa “Agro-Emprega” que ten como obxectivo final a integración e inserción laboral das persoas desempregadas da provincia da Coruña no sector agrícola, e concretamente ligado á actividade agraria. (Xa fora solicitado no ano 2010)

Con data 26 de outubro de 2011 a Dirección Xeral de formación e colocación da Consellería de Traballo e Benestar Social resolveu provisoriamente conceder á Asociación Mariñas – Betanzos a subvención solicitada para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2011 e 2012 de programas integrados para o emprego, por un importe total de 80.120 euros en dúas anualidades.

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA: “Agro Emprega”. Programa para a inserción laboral no sector agrario a través da recuperación de producións agrícolas tradicionais e outras demandas dos mercados.

ÁMBITO TERRITORIAL: 16 concellos do ámbito territorial de Mariñas – Betanzos.

TIPO DE PROGRAMA: Programa integrado para persoas desempregadas (Artº3 a) pertencentes a todos os colectivos sinalados como prioritarios no devandito artigo, especialmente do sector agrícola.

Nº PARTICIPANTES: 100

OBXECTIVOS DE INSERCIÓN: 35% **Nº INSERCIÓNS:** 35

ORZAMENTO:

	2011	2012
SUBVENCIÓN	36.726,67	36.726,67
COFINANCIAMENTO	3.333,33	3.333,33
TOTAL PROXECTO	40.060	40.060

DATA DE INICIO: 31 de outubro de 2011

DATA DE FIN: 30 abril de 2012 (poderá solicitarse prórroga)

SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES: Oficinas de Emprego de Betanzos e Coruña Centro.

REDUCCIÓN DA SUBVENCIÓN: A Dirección Xeral de Formación e Colocación establecerá unha redución na cantidade total a percibir pola entidade Mariñas – Betanzos, no caso de non cumprirse os obxectivos de inserción previstos no punto 5. Esta redución calcularase do seguinte xeito: multiplicarase o número de demandantes con inserción por 1.469,07 euros e a isto sumaráselle o número dos restantes demandantes atendidos multiplicado por 339,02 euros. Se esta cifra fora inferior ao importe da subvención concedida, a redución será a diferenza entre ambas cifras.

A Xunta Directiva acorda que se envíe carta aos concellos para que identifiquen ás empresas onde se poderían facer as prácticas; así como persoas desempregadas que poderían realizar o curso e identificación de terras. Tentaráselle implicar ás empresas onde farían os alumnos/as as prácticas, negociando que pagaran aos alumnos/as gastos de desprazamento, comidas...

6. AVANCES NA CANDIDATURA DA RESERVA DA BIOSFERA.

O pasado 8 de outubro celebrouse unha reunión entre os distintos alcaldes e concelleiros do territorio respecto da CANDIDATURA Á RESERVA DA BIOSFERA para explicar en detalle o funcionamento dunha Reserva de Biosfera, acordándose deixar en cada concello unha proposta de Moción Institucional.

O día 21 de outubro houbo outra reunión coa Deputación Provincial da Coruña, sendo moi receptivos ao proxecto, estando dispostos a aportar fondos dende o Programa Mandeo para a elaboración da Candidatura, regulando isto a través da formalización dun Convenio.

Temos tamén recollido o interese dos concellos que atópase na parte alta da cunca do Mandeo (Curtis e Sobrado) de integrarse na Candidatura a Reserva, tamén solicitando a inclusión na Asociación Mariñas – Betanzos.

Dende a Xunta Directiva acórdase aceptar a estes concellos a participar na candidatura e/ou facerse socios de Mariñas – Betanzos.

Estase tramitando trasladar a cada concello unha proposta de Moción Institucional para iniciar oficialmente o proceso de elaboración da Candidatura, onde Mariñas – Betanzos lideraría o proceso. A Xunta Directiva acorda que se envíe por correo electrónico a proposta de Moción Institucional, co obxecto de aportar por parte dos membros da Xunta as suxestións oportunas, para despois enviar aos concellos.

Tense mantido tamén unha reunión con Pablo Ramil da Universidade de Santiago de Compostela, que animou a presentar a Candidatura no 2012, ofrecendo a posibilidade de traballar co seu equipo. Así mesmo, manifesta a súa satisfacción porque dende a Deputación Provincial da Coruña se apoie este proxecto.

Así mesmo, dende o CEIDA podería levarse a cabo a parte de formación e educación ambiental da Candidatura, e dende Mariñas – Betanzos o proceso social e presentación final.

A Xunta Directiva acorda autorizar á Presidencia e a Vicepresidencia para realizar os trámites oportunos de formalización dun convenio a través da súa sinatura, onde se recollan os detalles, liderándose a Candidatura e o proceso dende Mariñas – Betanzos.

7. PROPOSTA DE INSCRICIÓN DO GDR MARIÑAS – BETANZOS NO CENSO DE ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA DE GALICIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Con data 02 de xaneiro de 2002, ten saído publicado no DOG o Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.

Neste rexistro poderán inscribirse todas as entidades de voluntariado con sede social na Comunidade autónoma de Galicia e aquelas outras que desenvolvan programas e proxectos de interese social no ámbito de competencias da Comunidade Autónoma.

Nos Estatutos do GDR Mariñas – Betanzos, aparece reflectido o seguinte (artigo 5. Fins e actividades , apartado b) *“Sensibilizar ás administracións locais, autonómica e estatal, así como ás institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral”*

A Xunta Directiva acorda que se fagan os trámites oportunos para a inscrición neste rexistro do GDR Mariñas - Betanzos.

8.-ROGOS E PREGUNTAS

8.1. PRESTAMO AO GRUPO DE ACCION COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO”

M^a José Crespo, patroa maior da Confraría de Pescadores de Miño, representante da Mesa do Sector da Pesca e Vicepresidenta do GAC “Golfo Ártabro”, traslada que o Grupo de Acción Costera “Golfo Artabro” actualmente está con problemas de liquidez, debido a demora da Xunta en pagar, polo que pide que a Xunta Directiva de “Mariñas – Betanzos” estude a posibilidade de facer un préstamo ao GAC.

A Xunta Directiva acorda que unha vez recibidos os fondos pendentes de cobro por Mariñas – Betanzos, e si é posible, se formalice o dito préstamo ao GAC “Golfo Ártabro” según a diponibilidade financeira.

8.2. INSCRICIÓN DO GDR MARIÑAS - BETANZOS NOS CENSOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta Directiva acorda solicitar a inscrición da Asociación Mariñas – Betanzos nos censos da Xunta relacionados cos obxectivos estatutarios.

8.3. APROBACIÓN DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ANUALIDADE 2012:

-Apartado I: 99.370,93.-€ (non haberá subida de salario)

-Apartado II: 952,22.-€

-Apartado III: 305,55.-€

-Apartado IV: 40,00.-€

-Apartado VII: 90,00.-€

Total ANUALIDADE: 100.758,70€

A Xunta Directiva acorda que se envíe dita proposta a AGADER de gastos de funcionamento do ano 2012 do Equipo Xestor.

8.4. INFORMACIÓN SOBRE A PÓLIZA DE BANESTO DA ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS

Con data 30/09/2011 renóvase a póliza de crédito de Banesto por importe de 30.000.-€ por período de un ano para os gastos de funcionamento, para non ter custos de “non disponibilidad” obrigados nas condicións da póliza (1%) e faise necesario contar cunha conta corrente asociada á poliza.

A Xunta Directiva autoriza a apertura de dita conta a nome da entidade.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Bergondo, a 14 de novembro de 2011

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace Vicepresidente

Asdo.: D. Cesar Longo Queijo